“O Parlamento insta a Xunta de Galiza a desenvolver as medidas necesarias para que a montaña de Lugo conte cun servizo de emerxencias acorde ás necesidades da súa poboación e aos tempos de resposta que esixe a normativa vixente. Neste senso, a Cámara insta o Goberno galego a abrir un proceso de diálogo específico cos concellos da montaña e coa Deputación Provincial de Lugo para procurar unha solución que acabe con esta zona de sombra no actual mapa e garanta o mantemento dos postos de traballo do persoal que actualmente presta servizo no GES dos Ancares.”

Santiago de Compostela, 2 de decembro de 2021

Asdo.: **Luis Bará Torres**
Iago Tabarés Pérez-Piñeiro
Deputados do G.P. do BNG
Olalla Rodil Fernández
Portavoz s. do G.P. do BNG





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Asinado dixitalmente por:

Olalla Rodil Fernández na data 02/12/2021 18:33:57

Xosé Luis Bará Torres na data 02/12/2021 18:34:01

Iago Tabarés Pérez-Piñeiro na data 02/12/2021 18:41:00





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa das deputadas **Carmen Aira Díaz** e **María González Albert** e do deputado **Xosé Luis Rivas Cruz**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para debate na Comisión 7ª**.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Recentemente Europa mudou a súa definición de territorio despoboado o que supón un reforzo económico para estas zonas máis castigadas demograficamente. Esta definición recolle que un territorio despoboado é unha provincia, unha comarca ou un concello cunha densidade de poboación por baixo de 12,5 habitantes/Km2 ou cun descenso interanual do 1% na súa poboación entre o 2007 e o 2017. Isto podería beneficiar a 185 concellos galegos, que poderían acceder a unha liña de axudas no próximo marco financeiro comunitario que vai ata o 2027.

Ao tempo desta "boa nova" podemos ler outras como que o despoboamento nunca se tratou con rigor na Galiza e que non se executaron unha importante parte dos fondos Feder que poderían ir destinados á paliar a despoboación, tanto como o 48% destes fondos. Tampouco se executaron tódolos fondos dedicados á fixación de poboación como se pode ver no grao de execución destas partidas no Agader, quedando o 30% sen executar no ano 2020. Todo o cal indica unha falta evidente de planificación.

Ninguén pode negar a caída da poboación no oriente e no interior galego, o interior das provincias de Lugo e Ourense teñen cada vez menos poboación e esta ten





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

unha media de idade elevadísima, de modo que non é infrecuente que máis do 50% da poboación teña por riba dos 65 anos.

Isto unido a unha perda de servizos nestas zonas que vai en caída libre chega a levalas á inviabilidade para que as persoas mozas se queden ou asenten nelas e as persoas maiores se manteñan habitándoas.

O dobre discurso do goberno galego que teoricamente pula por fixar poboación con ideas como o fracasado intento de facilitar vivendas para aluguer da consellería de medio ambiente, ou as aldeas modelo da consellería de medio rural, que a pesares de figurar como unha medida estrela de dinamización do rural son de facto un fracaso, isto demoítrao a falta de transparencia nos datos dos resultados das que xa están en funcionamento e no canto de que o goberno se pare para a reflexión esta idea continúaase con fuxida cara adiante coa promoción das aldeas intelixentes, o que supón enterrar fondos nestes lugares, mentres as aldeas vivas carecen ao completo destes servizos.

Todo isto supón que grandes investimentos destinados a grandes ideas que perden sentido máis alá dun mero feito promocional, pensamos que pequenos investimentos destinados a pequenas boas ideas achegadas á poboación podería salvar pouco a pouco a perda de poboación no rural da Galiza interior.

Dá a impresión que a chegada de fondos europeos nubla a vista do goberno da Xunta de Galiza que llos vai entregar as grandes empresas que xa teñen grandes ganancias mentres igual o máis efectivo é achegar as axudas ás persoas que están dispostas a apostar polo rural como medio de vida e non como fonte exclusiva de recursos.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para debate na Comisión 7ª:

“O Parlamento galego insta a Xunta de Galiza ao seguinte en relación coa recuperación demográfica:

1. A executar a totalidade de orzamentos, ben sexan propios ou europeos, que se dirixan a fixar poboación no rural ou a evitar despoboamentos nos concellos deste ámbito.

2. A establecer un catálogo onde se relacionen os concellos que se poida incluír dentro da definición europea de territorio despoboados co fin de solicitar axudas para paliar esta problemática.

3. A tomar medidas para que os concellos que aínda non se atopan dentro desta definición poidan beneficiarse de axudas para que non cheguen a considerarse territorios despoboados.

4. A avaliar o resultado de xeito obxectivo das medidas que están implantando para ver a conveniencia de mantelas no tempo ou ben rectificar a prol de outras máis efectivas, referímonos concretamente ás aldeas modelo e agora tamén ás aldeas intelixentes.”

Santiago de Compostela, 3 de decembro de 2021

Asdo.: **Carmen Aira Díaz**
Maria González Albert





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Xosé Luis Rivas Cruz
Deputadas e deputado do G.P. do BNG
Ana Pontón Mondelo
Portavoz do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

María del Carmen Aira Díaz na data 03/12/2021 10:30:07

María González Albert na data 03/12/2021 10:30:22

Xosé Luis Rivas Cruz na data 03/12/2021 10:30:30

Ana Pontón Mondelo na data 03/12/2021 10:30:38





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa das deputadas **Rosana Pérez Fernández, Olalla Rodil Fernández, Montserrat Prado Cores e Iria Carreira Pazos**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para debate na Comisión 5ª**.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Hai máis dun ano, en outubro de 2020, foi anunciada publicamente por parte do propio presidente da Xunta de Galiza a construción dunha nova unidade de hospitalización no hospital comarcal da Barbanza. Segundo as súas declaracións, a ampliación suporá o incremento de 22 camas.

Nove meses despois, en xullo deste ano, repítese o anuncio público por parte do conselleiro de Sanidade, nunha visita que realizou ás instalacións do hospital comarcal. Neste caso, o incremento de camas sobe ata 36, desglosado en 12 camas para unha nova unidade para hospitalización materno-infantil e 24 destinadas a pacientes de medicina interna e paliativos. Na súa visita, o conselleiro afirma tamén que a licitación do proxecto “agardamos” que sexa no outono e que as obras “comecen antes de final do ano próximo”.

No mes de novembro, un ano despois do primeiro anuncio, a Xunta de Galiza volve publicitar a obra e anuncia que o hospital recibirá máis de medio millón de euros para a licitación do proxecto para a ampliación da área de hospitalización.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Nos orzamentos da Xunta de Galiza para o ano 2021, a partida que se contemplaba para o hospital da Barbanza era de 589.248 euros, idéntica á que se contempla no proxecto de orzamentos para o 2022.

Tendo en conta que a futura ampliación debe pasar aínda por varias fases (realización, elaboración dos pregos e licitación do proxecto construtivo, elaboración dos pregos e licitación da obra, adxudicación da mesma e, finalmente, construción) e que, a piques de rematar xa o ano aínda non se procedeu á licitación do proxecto construtivo, non semella que as obras poidan comezar antes de finais de 2022, tal e como aseguraba o conselleiro no mes de xullo. Os orzamentos proxectados para ese exercicio pola Xunta de Galiza, cunha cantidade total de 589.248 euros, tampouco serían suficientes para levar a cabo a realización do proxecto e ademais o comezo das obras.

O hospital da Barbanza, aínda con moitas deficiencias despois de case 25 anos en funcionamento, é unha infraestrutura sanitaria básica para a comarca. A ampliación da súa área de hospitalización é unha vella demanda do persoal do centro e do conxunto dos veciños e veciñas da comarca que incidirá na cercanía dos servizos á poboación e evitará -sempre e cando se dote dos recursos humanos e materiais necesarios- moitos dos traslados que hoxe se realizan ao Hospital Clínico de Santiago.

Por esta razón, os trámites para que se faga canto antes e se dote acaidamente deben ser áxiles, non admitir demoras e ir acompañados das dotacións orzamentarias necesarias. Despois dun ano de anuncios reiterados é moita hora de pasar xa aos feitos e de efectivizar as promesas dos distintos responsábeis políticos.

Por todo isto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para debate na Comisión 5ª:





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

“O Parlamento de Galiza insta ao Goberno galego a levar a cabo as actuacións precisas para licitar o proxecto construtivo da ampliación da área de hospitalización do hospital comarcal da Barbanza antes do remate do 2021.”

Santiago de Compostela, 3 de decembro de 2021

Asdo.: **Rosana Pérez Fernández**

Iria Carreira Pazos

Montserrat Prado Cores

Deputadas do G.P. do BNG

Olalla Rodil Fernández

Portavoz s. do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Olalla Rodil Fernández na data 03/12/2021 10:38:08

Rosana Pérez Fernández na data 03/12/2021 10:38:11

Iria Carreira Pazos na data 03/12/2021 10:38:22

María Montserrat Prado Cores na data 03/12/2021 10:38:30





BLOQUE
NACIONALISTA
GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa das deputados **Rosana Pérez Fernández** e **Carme González Iglesias** e do deputado **Daniel Castro García**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate na Comisión 8ª**.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O resultado das negociacións entre a Unión Europea e o Reino Unido quedou en evidencia no mesmo momento do acordo. Posteriormente, no mes de marzo, sumouse o fiasco que supuxo a falla de acordo definitivo sobre as cotas para 2021 e a súa prórroga provisional ata xullo, momento en que os recortes se fixeron patentes e, tal e como augurara o sector, a situación empeoraba para Galiza respecto da existente antes do Brexit.

Precisamente prevendo as nefastas consecuencias do Brexit, o Consello da UE acordara, xa en xullo de 2020, adoptar un paquete de axudas e a proposta da Comisión ao respecto foi presentada após a mesma sinatura do acordo: 5.000 millóns de euros para apoiar ás empresas e ao emprego dos sectores afectados constituían a Reserva de Axuste Brexit (BAR).

Do total, tan só se destinaban a paliar as perdas de todo o sector pesqueiro comunitario 600 millóns de euros, e deles, unicamente 2,2 correspondían ao Estado español. É dicir, un 0,35% do total dos fondos pesqueiros, cando os datos que se tiñan feito públicos xa naquel momento sinalaban que as capturas dos buques do Estado





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

español en augas británicas representaban arredor dun 1% do conxunto dos da frota europea.

Os criterios de reparto empregados foron o valor do peixe capturado no Reino Unido por cada Estado membro, ponderado pola súa dependencia das augas británicas. Non se tiveron en conta outros caladoiros británicos fóra do Gran Sol, nin tampouco a cesión da cota de bacallau de Svalbard, onde a frota do Estado español perdeu gran parte das posibilidades de capturas que acaparaba.

Uns criterios de reparto, pois, cuestionábeis e discriminatorios, un orzamento para o sector pesqueiro totalmente insuficiente en relación co conxunto do da Reserva de Axuste e unha porcentaxe absolutamente irrisoria no caso do Estado español que vai afectar gravemente a Galiza.

O último paso legislativo foi a aprobación por parte dos Estados membros, a través do Consello da UE, do Regulamento polo que se establece a Reserva de Axuste e os 600 millóns de euros destinados á pesca mantivéronse inamovíbeis.

Esta aprobación definitiva non é mais que a constatación do nulo interese que ten o sector pesqueiro para a Unión Europea e para o Estado español, que non quixo facer cuestión desta discriminación e si centrar todos os seus esforzos en favor do debate dos fondos de recuperación.

Velaí, pois, que a mitigación do impacto do Brexit na frota galega esváese con este acordo. E a solidariedade que a Unión Europea anunciaba para cos Estados membros non foi, no caso do Estado español, máis que un sarcasmo que este aceptou sen a máis mínima censura.





BLOQUE
NACIONALISTA
GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

No caso galego, os estudos feitos polo propio sector pesqueiro estimaron perdas para os barcos galegos que pescan nos caladoiros británicos de 9 millóns de euros, só neste ano 2021, sen contar cos demais sectores da cadea que se verían afectados.

Polo tanto, o BAR é un agravio máis para unha frota que vén perdendo dereitos e posibilidades de pesca continuamente dende hai anos e que ademais, agora, queda a expensas dunhas negociacións anuais após o 2026 que lle impiden planificar o seu futuro e que condicionan os seus investimentos.

O Regulamento establece como período de referencia para o apoio da Reserva de Axuste dende o 01.01.20. ata o 31.12.23., aínda que a contía estará dispoñíbel ata 2025, cando se fará unha revisión do gasto empregado. A súa maior parte, 4.300 millóns de euros, desembolsarase como prefinanciamento en tres tramos anuais ata o 2023, mentres os recursos restantes estarán dispoñíbeis no 2025.

Para recibir os primeiros pagos, os Estados deben notificar á Comisión, dentro dos dous meses seguintes á entrada en vigor do Regulamento (foi publicado no DOUE do 08.10.21.), a identidade dos órganos responsábeis da xestión e auditoría da Reserva e confirmar que elaboraron o sistema de xestión e control.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para debate na Comisión 8ª:

“O Parlamento de Galiza insta o goberno da Xunta a:

1.- Demandar do Goberno español:





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

- Uns criterios de reparto para as compensacións do BAR nos que se teñan en conta preferentemente a aqueles territorios do Estado afectados polo brexit máis dependentes da pesca, o impacto nos sectores económicos relacionados coa mesma e o conxunto das augas británicas nas que faenan.

- A xestión dos fondos pesqueiros que se deriven da Reserva de Axuste Brexit por parte da propia Xunta, no caso de Galiza.

2.- Programar e levar a cabo plans de soporte económico e social ao sector pesqueiro e ás zonas máis afectadas do noso país polo acordo entre a UE e o Reino Unido que palíen as consecuencias do mesmo.”

Santiago de Compostela, 3 de decembro de 2021

Asdo.: **Rosana Pérez Fernández**

Carme González Iglesias

Daniel Castro García

Deputadas e deputado do G.P. do BNG

Ana Pontón Mondelo

Portavoz do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Rosana Pérez Fernández na data 03/12/2021 11:55:02

María do Carme González Iglesias na data 03/12/2021 11:55:15

Daniel Castro García na data 03/12/2021 11:55:23

Ana Pontón Mondelo na data 03/12/2021 11:55:30





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa da deputada **Carmen Aira Díaz** e do deputado **Luis Bará Torres**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate na Comisión 2ª**.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A LU-636, estrada que comunica a vila de Sarria coa de Becerreá , pero que ten bastante máis trascendencia xa que serve para comunicar a montaña lucense co val de Lemos e tamén serve de saída a A6.

Leva anos nun estado deplorable, con evidentes problemas de firme, trazado e anchura. Hai uns meses a consellería de infraestruturas e mobilidade logrou botar rego asfáltico nun tramo que estaba co firme especialmente deteriorado cuestión esta que supuxo un parche pequeno pero que non resolveu o relativo a calidade da vía de comunicación.

Podemos hoxe comprobar que leva máis de 30 minutos percorrer pouco máis de 30km, que esta estrada autonómica ten unhas variacións no firme e na anchura que non se xustifican en nada obxectivo.

Os primeiros 16 km dende Sarria sentido Becerreá discorren ata un lugar chamado Saa no concello de Lán cara e contan cunha anchura e firme adecuado que sen máis explicación se perden nese momento, pasando a reducir a súa anchura ata o punto de atopar unha ponte con aqueles vellos sinais que indican quen ten prioridade no paso,





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

tampouco acompaña o trazado que se converte nunha sinuosa estrada de montaña, parte dela con bo firme pero con curvas pronunciadas, moitos tramos tampouco contan con barandas quitamedos aínda que á súa beira a pendente sexa ben pronunciada.

O tramo final tampouco foi mellorado máis alá do firme, esta vía de comunicación podendo ser segura convértese nunha vía de incomunicación que sen dúbida ten un potencial de sinistralidade para as persoas que habitan en moitos dos lugares polos que discorre.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para debate na Comisión 2ª:

“O Parlamento galego insta o goberno da Xunta de Galiza a abordar o arranxo completo da estrada autonómica LU 636 en canto a trazado, firme e anchura para facilitar as comunicacións entre a zona centro sul de Lugo e a montaña lucense e así mesmo coa A6 e a dos núcleos de poboación afectados.”

Santiago de Compostela, 3 de decembro de 2021

Asdo.: **Carmen Aira Díaz**

Deputada do G.P. do BNG

Luis Bará Torres

Viceportavoz do G.P. do BNG





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Asinado dixitalmente por:

María del Carmen Aira Díaz na data 03/12/2021 13:22:58

Xosé Luis Bará Torres na data 03/12/2021 13:23:09



Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentario Popular de Galicia**, a través do seu **Portavoz** e por iniciativa dos deputados e deputadas, **Alberto Pazos Couñago, Corina Porro Martínez, Miguel Tellado Filgueira, Encarna Amigo Díaz, Noelia Pérez López, Marta Rodríguez-Vispo Rodríguez e Rosalía López Sánchez**, ao abeiro do disposto no artigo 160 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa, a seguinte **proposición non de lei para o seu debate na Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego**.

Exposición de motivos

Apostar pola atención temperá é fundamental para identificar e actuar sobre os trastornos que poden sufrir no desenvolvemento as nenas e nenos de 0 a 6 anos. O obxectivo é dar resposta o antes posible ás necesidades transitorias ou permanentes que presentan os nenos e as nenas con trastornos no desenvolvemento ou en risco de padecelos, para facilitar o desenvolvemento da súa autonomía persoal e a inclusión social.

Deste xeito, a atención temperá facilítalles ferramentas para gañar autonomía xa desde a infancia, para que gocen dunha maior calidade de vida cando sexan maiores.

Este acompañamento especializado durante os seus primeiros anos de vida demostra ser fundamental para poder diagnosticar calquer trastorno no seu desenvolvemento.

Pero ademais a atención temperá non é só acompañar aos nenos, senón tamén acompañar aos pais para axudarlles a que as dúbidas dos primeiros momentos se disipen canto antes.

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal

 [@gppgalicia](https://www.facebook.com/gppgalicia)

 [@GrupoPopularGal](https://twitter.com/GrupoPopularGal)



O reto da inclusión das nenas e nenos con trastornos no desenvolvemento ou risco de padecelos precisa da implicación de toda a sociedade: entidades, concellos e Goberno galego.

O esforzo continuado do Goberno galego por achegar recursos de calidade para o desenvolvemento das pequenas e pequenos, fixo que multiplicase por sete o seu investimento nestes servizos durante os últimos 11 anos ata chegar a preto de 4 millóns de euros ao ano.

Si no ano 2009 tan só funcionaban en toda Galicia dúas unidades de atención temperá, que cubrían 14 concellos e atendían a 160 nenos, no 2021 o territorio galego está cuberto xa por 39 unidades que abarcan 168 concellos e atenden a máis de 1700 nenas e nenos.

Ademais das unidades hospitalarias, a Xunta de Galicia está a ampliar a Rede galega de atención temperá, para a que convoca anualmente unha liña de subvencións para a creación e mantemento de unidades de atención temperá xestionadas polos concellos ben de xeito individual ou ben mediante sistema de xestión compartida, a través de agrupacións ou mancomunidades de concellos e consorcios locais.

Así mesmo, a Consellería de Política Social conta con axudas económicas que se conceden directamente ás familias das nenas e nenos que requiren atención personalizada para axudarlles a sufragar os custos do servizo dun profesional privado da súa elección en caso de que así o prefiran. A este fin está a destinar en 2021 uns 525.000 euros para axudar a 222 familias.



Un conxunto de actuacións que demostran o firme apoio da Xunta de Galicia ás familias, ás súas nenas e nenos e ás entidades locais para seguir mellorando a atención á infancia. Un feito que se plasma nos Orzamentos da Consellería de Política Social para o vindeiro ano: 927,4 M€, un 14,2% máis con respecto ao orzamento deste exercicio. Ou o que é o mesmo, o dobre dos fondos destinados ás políticas sociais no ano 2009.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentario Popular presenta a seguinte proposición non de lei en Comisión:

“O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a continuar ampliando a rede galega de atención temperá mediante a posta en marcha de novas unidades especializadas en previr e tratar trastornos do desenvolvemento en nenas e nenos de ata 6 anos.”

Santiago de Compostela, 3 de decembro de 2021



Asinado dixitalmente por:

Pedro Puy Fraga na data 03/12/2021 16:36:50

José Alberto Pazos Couñago na data 03/12/2021 16:37:06

María Corina Porro Martínez na data 03/12/2021 16:37:17

Miguel Ángel Tellado Filgueira na data 03/12/2021 16:37:33

María Encarnación Amigo Díaz na data 03/12/2021 16:37:46

Noelia Pérez López na data 03/12/2021 16:38:02

Marta Rodríguez Vispo Rodríguez na data 03/12/2021 16:38:21

López Sánchez, Rosalía na data 03/12/2021 16:38:34

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal

 [@gppgalicia](https://www.facebook.com/gppgalicia)

 [@GrupoPopularGal](https://twitter.com/GrupoPopularGal)



Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentario Popular de Galicia**, a través do seu **Portavoz** e por iniciativa dos deputados e deputadas, **Alberto Pazos Couñago, Corina Porro Martínez, Miguel Tellado Filgueira, Encarna Amigo Díaz, Noelia Pérez López, Marta Rodríguez-Vispo Rodríguez e Rosalía López Sánchez**, ao abeiro do disposto no artigo 160 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa, a seguinte **proposición non de lei para o seu debate na Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego**.

Exposición de motivos

O principio reitor do sistema de atención ás persoas dependentes debe garantir que cada galego e cada galega poida decidir libremente como e onde facerse maior. É dicir que ser dependente non implique obrigatoriamente recorrer a unha residencia xa que as persoas maiores adoitan preferir ser atendidas nas súas casas, barrios ou parroquias.

Neste sentido, e atendendo ás preferencias das persoas maiores, o Goberno galego puxo en marcha no ano 2018 as casas do maior, mini centros de día nos concellos pequenos. As casas do maior preséntanse como alternativa cando na contorna non existan recursos de atención para persoas maiores de 60 anos en situación de dependencia moderada e severa, graos I e II respectivamente, así como para persoas maiores sen dependencia.

Este servizo de conciliación contribúe na atención e prevención da dependencia, mantén e mellora a calidade de vida dos seus usuarios e promociona a autonomía persoal.

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal

 [@gppgalicia](https://www.facebook.com/gppgalicia)

 [@GrupoPopularGal](https://twitter.com/GrupoPopularGal)



Desta forma aténdese, por unha banda, ao benestar dos cuidadores familiares, xa que contribúe a diminuír a carga dos cuidados e a favorece que a permanencia das persoas en situación de dependencia na súa contorna se realice nas mellores condicións de equidade no acceso a recursos de proximidade, con independencia do lugar onde residan.

E por outra banda foméntase a prevención das situacións de dependencia en persoas maiores que aínda gozan de autonomía, paliando así mesmo as situacións de illamento social que sofre gran parte deste colectivo.

Cada centro atende de xeito totalmente gratuíto a un máximo de 5 persoas maiores durante un máximo de oito horas diarias de luns a venres, con flexibilidade horaria, e garantías de seguridade e calidade, posto que os seus responsables teñen formación ou experiencia profesional específica.

Ademais, con este recurso impúlsase e apóiase a prestación destes servizos de atención aos maiores mediante fórmulas de autoemprego e de economía social, que demostran ser eficaces para a dinamización económica local e para a fixación de poboación ao territorio.

Dende a súa posta en marcha, Galicia conta con 90 casas do maior repartidas polas catro provincias, poñendo a disposición dos nosos maiores 450 prazas públicas asistenciais.

O éxito desta iniciativa fai preciso que se siga apostando por implantar máis recursos deste tipo naqueles concellos onde non existan servizos de conciliación para as



persoas maiores. Un recurso, por certo, moi ben valorado naqueles lugares onde se instalou.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentario Popular presenta a seguinte proposición non de lei en Comisión:

“O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a continuar apostando polo envellecemento de proximidade estendendo as casas do maior naqueles concellos onde non estea en funcionamento ningún centro de día.”

Santiago de Compostela, 3 de decembro de 2021

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal

 [@gppgalicia](https://www.facebook.com/gppgalicia)

 [@GrupoPopularGal](https://twitter.com/GrupoPopularGal)



Asinado dixitalmente por:

Pedro Puy Fraga na data 03/12/2021 16:41:22

José Alberto Pazos Couñago na data 03/12/2021 16:41:40

María Corina Porro Martínez na data 03/12/2021 16:41:53

Miguel Ángel Tellado Filgueira na data 03/12/2021 16:42:03

María Encarnación Amigo Díaz na data 03/12/2021 16:42:15

Noelia Pérez López na data 03/12/2021 16:42:32

Marta Rodríguez Vispo Rodríguez na data 03/12/2021 16:42:48

López Sánchez, Rosalía na data 03/12/2021 16:43:02

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal

[@gppgalicia](https://www.facebook.com/gppgalicia)

[@GrupoPopularGal](https://twitter.com/GrupoPopularGal)



Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentario Popular de Galicia, a través do seu Portavoz e por iniciativa dos deputados e deputadas, **Alberto Pazos Couñago, Corina Porro Martínez, Miguel Tellado Filgueira, Encarna Amigo Díaz, Noelia Pérez López, Marta Rodríguez-Vispo Rodríguez e Rosalía López Sánchez**, ao abeiro do disposto no artigo 160 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa, a seguinte **proposición non de lei para o seu debate na Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego**.

Exposición de motivos

A Xunta de Galicia está a acelerar a implantación da Historia Clínica Electrónica (IANUS) nas residencias de maiores e na actualidade xa chega a preto de 150 centros e ao 60% dos usuarios totais. Esta ferramenta xa se estableceu en todas as residencias de titularidade pública autonómica que contan con persoal sanitario e estase a avanzar a súa posta en marcha no resto dos centros que teñen este perfil ata superar os 300 que hai en Galicia.

A Historia Clínica Electrónica é o rexistro unificado e compartido de toda a información clínica procedente de actividades relacionadas coa saúde no ámbito da atención primaria e hospitalaria: consultas, intervencións cirúrxicas, probas diagnósticas ou prescricións de fármacos, entre outros. O IANUS, na súa nova versión, permite o rexistro da información por procesos asistenciais, e vai facilitar un novo modelo de coordinación e continuidade de coidados do paciente con condicións crónicas ou algún grao de dependencia ou discapacidade.

Esta novidade facilitará unha xestión integral do proceso asistencial para mellorar a saúde e o benestar das persoas que viven nas residencias. A incorporación desta



ferramenta enmárcase na modernización tecnolóxica dos centros residenciais de maiores e persoas con discapacidade. A implantación das novas tecnoloxías neste ámbito é un dos eixos principais, xunto coa mellor coordinación entre os eidos sanitario e sociosanitario, a humanización e as melloras estruturais, do novo modelo de coidados no que a Xunta está a traballar xunto co Comité Asesor Sociosanitario.

O elevado grao de implantación do IANUS nas residencias de maiores reflicte os avances na coordinación levados a cabo entre as Consellerías de Política Social e Sanidade e a Amtega, que colocan a Galicia na vangarda nacional na implantación dunha historia clínica electrónica que abrangue tanto o ámbito hospitalario como a atención primaria e as residencias sociosanitarias.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentario Popular presenta a seguinte proposición non de lei en Comisión:

“O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a axilizar a implantación da Historia Clínica Electrónica (IANUS) en todas as residencias de maiores da nosa Comunidade, para poder dispoñer dun rexistro mecanizado da información médica dos usuarios de centros sociosanitarios”.

Santiago de Compostela, 3 de decembro de 2021



Asinado dixitalmente por:

Pedro Puy Fraga na data 03/12/2021 16:45:49

José Alberto Pazos Couñago na data 03/12/2021 16:46:05

María Corina Porro Martínez na data 03/12/2021 16:46:14

Miguel Ángel Tellado Filgueira na data 03/12/2021 16:46:26

María Encarnación Amigo Díaz na data 03/12/2021 16:46:39

Noelia Pérez López na data 03/12/2021 16:46:56

Marta Rodriguez Vispo Rodriguez na data 03/12/2021 16:47:11

López Sánchez, Rosalía na data 03/12/2021 16:47:23

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal

[@gppgalicia](https://www.facebook.com/gppgalicia)

[@GrupoPopularGal](https://twitter.com/GrupoPopularGal)



Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentario Popular de Galicia**, a través do seu **Portavoz** e por iniciativa dos deputados e deputadas, **Alberto Pazos Couñago, Corina Porro Martínez, Miguel Tellado Filgueira, Encarna Amigo Díaz, Noelia Pérez López, Marta Rodríguez-Vispo Rodríguez e Rosalía López Sánchez**, ao abeiro do disposto no artigo 160 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa, a seguinte **proposición non de lei para o seu debate na Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego**.

Exposición de motivos

A Convención dos Dereitos do Neno de 1989 consagrou aos menores como cidadáns de pleno dereito. Ese exercicio da cidadanía activa pasa por garantir a súa participación, que teñan voz no que lles afecta e que as súas opinións sexan escoitadas.

Galicia formará parte do comité de selección de candidaturas para o Consello Estatal de Participación da Infancia e a Adolescencia, un órgano permanente e estable de consulta, representación e participación de nenas, nenos e adolescentes que estará adscrito ao Ministerio de Dereitos Sociais e Axenda 2030.

A elección da Comunidade Autónoma galega como membro deste comité representa unha oportunidade de participar en primeira persoa, para facer realidade o

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal

@gppgalicia

@GrupoPopularGal



recoñecemento efectivo dos dereitos da infancia e a adolescencia e mellorar as políticas infantís ao escoitar directamente ás nenas, nenos e adolescentes sobre aqueles asuntos que lles afecten.

Na composición do Consello Estatal de Participación da Infancia e Adolescencia garantirase, non só a representación de nenos e nenas de todas as comunidades autónomas, senón a súa participación en condicións de igualdade e paridade para que ningunha barreira de xénero, orixe, etnia, económica, racial ou de calquera outra clase impida o acceso á participación dos máis vulnerables. Este órgano favorecerá, ademais, coa súa presenza a representatividade da diversidade e da pluralidade que existe no espazo da infancia e a adolescencia en España.

O obxectivo deste órgano é ofrecer a os nenos, nenas e adolescentes un foro no que expresar libremente as súas ideas e propor medidas, defender o recoñecemento social dos seus dereitos, formular propostas sobre temas que lles afectan a nivel estatal e converterse en voceiro e interlocutores de nenas, nenos e adolescentes ante as institucións públicas.

Para a Xunta de Galicia, os dereitos, inquedanzas e opinións das nenas, nenos e adolescentes é unha prioridade nas súas políticas sociais. Por iso, o Goberno galego está ultimando o decreto que regulará o Consello Galego de Participación Infantil e Adolescente, cuxo funcionamento foi consensuado coas principais entidades do sector. A través deste órgano o Executivo autonómico busca conseguir máis cohesión e concienciación no conxunto da sociedade galega sobre a necesidade de protexer os dereitos da infancia e da adolescencia, para o que estará conformado polos participantes nas comisións locais que pertenzan ao programa **Cidades Amigas da Infancia** e buscará solucións para as diferentes dificultades ás que se enfrenta a mocidade desde o consenso e a colaboración.

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal

 @gppgalicia

 @GrupoPopularGal



Por todo o exposto, o Grupo Parlamentario Popular presenta a seguinte proposición non de lei en Comisión:

“O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a axilizar a posta en marcha do Consello Galego de Participación Infantil e Adolescente como órgano de representación con recoñecemento institucional que participará na elaboración, seguimento e avaliación das políticas públicas autonómicas dirixidas á infancia e a adolescencia”.

Santiago de Compostela, 3 de decembro de 2021

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal

 [@gppgalicia](https://www.facebook.com/gppgalicia)

 [@GrupoPopularGal](https://twitter.com/GrupoPopularGal)



Asinado dixitalmente por:

Pedro Puy Fraga na data 03/12/2021 16:50:21

José Alberto Pazos Couñago na data 03/12/2021 16:50:37

María Corina Porro Martínez na data 03/12/2021 16:50:50

Miguel Ángel Tellado Filgueira na data 03/12/2021 16:51:02

María Encarnación Amigo Díaz na data 03/12/2021 16:51:16

Noelia Pérez López na data 03/12/2021 16:51:33

Marta Rodríguez Vispo Rodríguez na data 03/12/2021 16:51:49

López Sánchez, Rosalía na data 03/12/2021 16:52:01



Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentario Popular de Galicia**, a través do seu **Portavoz** e por iniciativa das deputadas e deputados, **Paula Prado del Río, Alberto Pazos Couñago, Corina Porro Martínez, Miguel Tellado Filgueira, Encarna Amigo Díaz, Noelia Pérez López, Marta Rodríguez-Vispo Rodríguez e Rosalía López Sánchez**, ao abeiro do disposto no artigo 160 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa, a seguinte **proposición non de lei para o seu debate na Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego**.

Exposición de motivos

Os Puntos de Encontro Familiar (PEF) son un servizo que facilita e preserva a relación entre os menores e as persoas das súas familias cando nunha situación de separación, divorcio, nulidade, tutela ou calquera outro suposto de interrupción da convivencia familiar, o exercicio do dereito de visitas se vexa interrompido ou o seu cumprimento resulte difícil ou conflictivo.

A norma que regula este servizo é o Decreto 96/2014, do 3 de xullo, polo que se regulan os puntos de encontro familiar en Galicia.

Actualmente Galicia conta con sete centros en funcionamento ubicados nas sete grandes cidades galegas, e proximamente o concello de Ribeira contará cun PEF que dará cobertura a toda a comarca do Barbanza.

O Goberno galego asumiu o compromiso de poñer novos centros deste tipo á disposición das familias, e por iso a Consellería de Política Social vai duplicar a

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal



extensión da rede de puntos de encontro familiar a partir do ano 2022 coa apertura de novos centros comarcais.

Os PEF favorecen e fan posible o mantemento da relación entre o menor e as súas familias cando, nunha situación de separación e/ou divorcio, ou acollemento familiar, o exercicio do dereito de visita vese interrompido ou ben é de cumprimento difícil ou conflitivo. Perseguen facilitar o réxime de visitas acordado polo xuíz sen que xurdan conflitos entre os proxenitores, xa que a entrega prodúcese nun lugar neutro e coa colaboración dos profesionais que traballan neses puntos de encontro. Permiten tamén as visitas que efectúan os pais biolóxicos aos seus fillos dados en acollida, sendo o marco adecuado para que o menor siga relacionándose satisfactoriamente coa súa familia biolóxica.

Para poder levar a cabo estas accións, é importante que e as instalacións existentes e as de futura construción nas que se ubiquen os PEF sexan accesibles e acolledoras co fin de proporcionar un entorno cómodo, cálido e máis humano. Por iso faise necesario adoptar medidas de mellora para mantelos en bo estado e adaptalos ás necesidades sociais cambiantes, así como para preservar o confort e seguridade de traballadores e usuarios.

E isto é así porque todos os Puntos de Encontro comparten a mesma máxima: favorecer un lugar idóneo no que leven a cabo os encontros entre pais e fillos.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentario Popular presenta a seguinte proposición non de lei en Comisión:

“O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a adoptar as medidas necesarias para modernizar e humanizar os Puntos de Encontro Familiar que actualmente se



atopan en funcionamento na nosa Comunidade tal e como está previsto facer nos centros de nova creación”.

Santiago de Compostela, 3 de decembro de 2021

Asinado dixitalmente por:

Pedro Puy Fraga na data 03/12/2021 17:36:32

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal

[@gppgalicia](https://www.facebook.com/gppgalicia)

[@GrupoPopularGal](https://twitter.com/GrupoPopularGal)



Paula Prado del Río na data 03/12/2021 17:36:50

José Alberto Pazos Couñago na data 03/12/2021 17:37:05

María Corina Porro Martínez na data 03/12/2021 17:37:19

Miguel Ángel Tellado Filgueira na data 03/12/2021 17:37:34

María Encarnación Amigo Díaz na data 03/12/2021 17:37:49

Noelia Pérez López na data 03/12/2021 17:38:06

Marta Rodriguez Vispo Rodriguez na data 03/12/2021 17:38:22

López Sánchez, Rosalía na data 03/12/2021 17:38:34

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal

 [@gppgalicia](https://www.facebook.com/gppgalicia)

 [@GrupoPopularGal](https://twitter.com/GrupoPopularGal)



Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentario Popular de Galicia**, a través do seu **Portavoz** e por iniciativa dos deputados e deputadas, **Alberto Pazos Couñago, Corina Porro Martínez, Miguel Tellado Filgueira, Encarna Amigo Díaz, Noelia Pérez López, Marta Rodríguez-Vispo Rodríguez e Rosalía López Sánchez**, ao abeiro do disposto no artigo 160 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa, a seguinte **proposición non de lei para o seu debate na Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego**.

Exposición de motivos

A Xunta de Galicia está a traballar para liderar a nivel nacional unha reflexión sobre o papel das persoas maiores na nosa sociedade e avanzar nun mellor sistema de coidados. Con este obxectivo, a Dirección Xeral de Maiores e Persoas con Discapacidade incrementa o seu orzamento nun 11,3% (ata os 328,2 millóns de euros); e a Dirección Xeral de Atención Integral Sociosanitaria contará cun 31,3% máis de fondos (ata os 232,4 millóns de euros).

Os orzamentos recollen unha aposta histórica por reforzar o Servizo de Axuda no Fogar (SAF), que sube o seu investimento nun 21,5% e supera por vez primeira a barreira dos 100 millóns de euros. Ademais, incorpórase unha partida de 340.000 euros para poñer en marcha un teléfono de atención no marco do desenvolvemento da Estratexia galega contra a soidade non desexada.

Para favorecer o envellecemento de proximidade, tamén aumenta un 20% o orzamento destinado ás casas do maior, o que permitirá rematar o ano con máis de 120 centros; e



Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

No entanto, editándose cinco días á semana, a Secretaría Xeral de Medios da Presidencia da Xunta de Galiza acaba de lle denegar a Nós Diario as axudas económicas a empresas xornalísticas e de radiodifusión para o ano 2021 por non o considerar un diario.

Dáse así a circunstancia de que o único medio informativo en galego, que ademais responde á condición de diario segundo fica definido pola Oficina de Xustificación da Difusión, é excluído pola Xunta da maior convocatoria de axudas a empresas xornalísticas e de radiodifusión.

Por estes motivos formúlase a seguinte pregunta para resposta oral en Pleno:

Que medidas prevé activar o PP para reparar de inmediato a exclusión do xornal Nós Diario da convocatoria de axudas públicas aos medios de comunicación?

Santiago de Compostela, 7 de decembro de 2021

Asdo.: **Mercedes Queixas Zas**

Daniel Castro García

Manuel Lourenzo Sobral

Deputada e deputados do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Mercedes Queixas Zas na data 07/12/2021 16:59:22

Daniel Castro García na data 07/12/2021 16:59:26

Manuel Antonio Lourenzo Sobral na data 07/12/2021 16:59:36





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Rosana Pérez Fernández, Carme González Iglesias e Daniel Castro García, deputadas e deputado do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG),** ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral en Pleno.**

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O Pleno do Parlamento europeo aprobou definitivamente no mes de xullo o Fondo Europeo Marítimo, de Pesca e de Acuicultura (FEMPA) para o período 2021-2027, cunha dotación de 6.108 millóns de euros e cun recorte respecto ao FEMP 2014-2020 dun 4,7%.

Dese total, ao Estado español correspóndenlle 1.200 millóns de euros, 3,6% menos que o FEMP. Deles, destínanse a Galiza 366.

A Conferencia Sectorial de Pesca aprobou os criterios para distribuír os 1.200 millóns d euros no mes de xullo. Tamén se elaborou un borrador do Programa Operativo que fixará as condicións concretas do acceso ao apoio e, no mes de outubro, o Ministerio abreu a segunda consulta pública do Programa Operativo, que remata o vindeiro día 10 de decembro e que recolle os obxectivos para o Estado enmarcados en cada unha das catro prioridades que a UE considera fundamentais para a pesca e a acuicultura: Pesca e Medio Ambiente, Acuicultura e Medio Ambiente, Cadea comercial e Economía Azul e Desenvolvemento Local participativo.





BLOQUE
NACIONALISTA
GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

No caso de Galiza, o Programa Operativo recolle a distribución dos 366 millóns que lle corresponden en: 115 para o fomento da pesca sostíbel e recuperación dos recursos, 198 para o fomento da acuicultura e para a transformación e comercialización dos produtos do mar e acuícolas, 38 para promover a economía azul e 14 para facer dos mares medios protexidos, seguros, limpos e xestionados de xeito sostíbel.

Máis alá das consideracións dos informes de fiscalización do Consello de Contas, que indican unha baixa execución do FEMP por parte da Xunta de Galiza, a propia secretaria xeral técnica da Consellaría indicou na Comisión de Pesca do Parlamento que dos 371 millóns de euros que corresponderon a Galiza no período 2014-2020, só se executaron 117.

Foi este o motivo principal da creación por parte da Xunta dun departamento específico, unha Subdirección Xeral de Planificación, Seguimento e Verificación, para a xestión do fondo e para mellorar o seu aproveitamento, que aínda poderá continuar executando investimentos ata 2023.

E, precisamente por iso, o Programa Operativo do novo FEMPA recolle un mecanismo de flexibilidade que contempla que os fondos que as comunidades autónomas poñan en risco de perda, polo seu retraso na execución, poden ser utilizados por outras.

Por outra banda, o FEMPA reconece expresamente o papel que Europa lle quere dar á acuicultura, incrementando un 10% o orzamento que lle adica e a conselleira de Mar anunciou publicamente, no marco da X Conferencia Mundial do Atún, que tivo lugar en Vigo no mes de setembro, que a industria conserveira “podrá ter máis de 100 millóns de euros á súa disposición do futuro FEMPA”.





BLOQUE
NACIONALISTA
GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

En consecuencia, os 198 millóns de euros que Galiza contempla para o fomento da acuicultura e para a transformación e comercialización dos produtos do mar e acuícolas, supoñen máis do 54% do total dos fondos que lle corresponden, moi por diante dos 115 adicados ao fomento da pesca sostíbel e á recuperación dos recursos, que supoñen apenas un 31%.

Tendo en conta que o mantemento da pesca como actividade sostíbel e a conservación dos ecosistemas mariños incluírá, entre outras, accións relativas ao control, á investigación, á aplicación de plans de xestión, ao desenvolvemento de artes máis selectivas, á modernización e renovación de buques e á compra do primeiro barco por parte de armadores de menos de 40 anos para incentivar a falla de remuda xeracional, non parece que a distribución dos fondos en Galiza sexa a máis acaída á nosa realidade e tampouco que contemple atender a realidade e múltiples problemas dun sector que necesita ser verdadeiramente apoiado e impulsado para desenvolver toda a súa potencialidade e contribuír á creación de emprego nas localidades costeiras.

Por estes motivos formúlase a seguinte pregunta para resposta oral en Pleno:

Que criterios se tiveron en conta para a distribución dos 366 millóns de euros que corresponden a Galiza para o período 2021-27 entre as distintas prioridades establecidas pola UE e o Programa Operativo?

Santiago de Compostela, 9 de decembro de 2021





BLOQUE
NACIONALISTA
GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Asdo.: Rosana Pérez Fernández

Carme González Iglesias

Daniel Castro García

Deputadas e deputado do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Rosana Pérez Fernández na data 09/12/2021 09:40:53

María do Carme González Iglesias na data 09/12/2021 09:42:02

Daniel Castro García na data 09/12/2021 09:42:09



Á Mesa do Parlamento

Carmen Rodríguez Dacosta, Marina Ortega Otero, Leticia Gallego Sanromán e Juan Carlos Francisco Rivera, deputadas e deputado pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia** e ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara presentan ante esa Mesa a seguinte **Pregunta para a súa resposta oral en Pleno**.

No ano 2007, aprobábase por unanimidade no Concello de Ourense o Plan Estratéxico Termal de Ourense (PETOU) e tamén se declaraba As Burgas coma Ben de Interese Cultural (BIC), o que supoñía o impulso claro e definitivo de cara á explotación turística e termal da maior fonte de riqueza da cidade de Ourense

No ano 2008, o Parlamento de Galicia aprobaba tamén por unanimidade dos grupos políticos do PSdeG-PSOE, BNG e PP a declaración de Ourense coma Capital Termal de Galicia, o que tamén presupoñía un pulo ao coñecemento e á posta en valor dos recursos termais de Ourense e a súa provincia.

Coa aprobación desta iniciativa se implicaba a Xunta de Galicia a que facilitara os investimentos públicos e apoiara os programas e proxectos que se incluían no PETOU que se presentaran noutras administracións, en especial os referentes á Unión Europea, e no que se recollían investimentos públicos e privados

Outro dos apartados recollidos naquela declaración incluía que a Xunta debería favorecer a difusión e presenza dos recursos termais naquelas feiras, exposicións e congresos que foran organizados dende a Administración autonómica.

Coa chegada ao Goberno do bipartito PSOE-BNG en Ourense no ano 2007 e ata 2012, e despois gobernando o PSOE en minoría ata 2015 se desenvolveron numerosas actuacións que dotaron de novas infraestruturas á nosa cidade no eido do turismo e o termalismo, nunha aposta clara por un cambio de modelo urbanístico e de cidade, estratéxico e de futuro.



As novas infraestruturas e dotacións nas zonas termais creadas foron (2007-2015) - A Piscina Termal das Burgas, O Centro de Interpretación Termal das Burgas, que incluía unha nova zona verde de 6.000 m² no corazón do casco histórico da cidade, novos apartamentos turísticos, O Restaurante das Pozas de Maimón, a rehabilitación e posta en valor da Fonte do Tinteiro e fonte Bouvette no Campo da Feira.

Paralelamente á creación de novas dotacións realizouse a xestión urbanística clave para o futuro desenvolvemento termal da cidade a través do impulso do Plan Especial das Burgas e o Plan Especial A Chavasqueira-As Caldas,

Dende o ano 2015 ata a actualidade produciuse un estancamento do proxecto de desenvolvemento termal e un grave deterioro sobre todo no último ano, xa non só pola crise sanitaria do COVID-19, senón tamén por dous incendios que levaron por diante tanto o balneario privado da Chavasqueira (24 de abril de 2019) coma o restaurante das Pozas de Maimón (28 de Xullo de 2019).

Ambos proxectos seguen pendentes de iniciar os trámites de rehabilitación, o que dana gravemente a imaxe do noso entorno termal.

O actual rexedor da cidade, Gonzalo Pérez Jácome, ao que Feijóo apoiou para a súa investidura, afirma que “o termalismo é un bluf”, polo que non aposta en absoluto por este elemento diferencial para o turismo da cidade, as infraestruturas xa creadas caerán no total abandono no que resta de mandato e non se van a levar adiante máis novas neste ámbito

Nos últimos anos de mandato de Feijóo na Xunta de Galicia a súa única promesa electoral no relativo ao termalismo en Ourense foi a construción do Gran Hotel Balneario, constituíndo outra promesa incumprida polo Presidente

En febreiro de 2020, entra en vigor a Lei 8/2019, de 23 de decembro, de regulación do aproveitamento lúdico das augas termais de Galicia, unha norma que debe levar consigo novos investimentos e proxectos neste sentido por parte das administracións públicas.

Esta normativa realizouse sen ter en conta as emendas da oposición e sen consultar os axentes e concellos implicados e provocou que as pozas da cidade



de Ourense se manteñan pechadas na actualidade sen que a Xunta fixera nada o respecto

No mes de abril do presente ano o Goberno municipal anunciaba que Ourense perdería o 80 % da súa oferta termal como consecuencia da entrada en vigor da nova normativa autonómica e que só poderán abrirse ao público unha poza na área termal da Chavasqueira e outra en Outariz, sinalaban así mesmo que a zona do Muíño permanecería pechada ao público como zona de baño a curto prazo e As Burgas requirirán a execución de obras de adaptación que se prolongarán como mínimo ata o Nadal.

Por outra banda, no pasado mes de outubro o alcalde de Ourense, prometía asumir o liderazgo político das xestións para a reapertura das termas públicas, nun cruce de vergollentas declaracións cruzadas entre a concelleira responsable de termalismo, pertencente o PP e o propio alcalde na que a concelleira desautorizaba o alcalde que fixaba o 1 de decembro como data de apertura das termas sinalando literalmente que “o se necesita son medidas firmes y seguras y no plazos sin seguridad, al tiempo que defendió que los proyectos seguirán siendo dirigidos por los técnicos de Termalismo y no por personal de Jácome”.

Xa o dous de decembro seguindo ca rocambolesca situación o alcalde nun comunicado oficial do Concello de Ourense explicaba que estivo visitando a zona termal acompañado de asesores do seu equipo de confianza que son enxeñeiros, e indicaba que as instrucións dadas non se cumpriron e valoraba tomar medidas o respecto, barallando a destitución da concelleira responsable ou apertura de expedientes disciplinarios os funcionarios de ese departamento

Atopámonos nunha canella sen saída, no que o Partido Popular ten responsabilidade, que nos sitúa nunha situación grave que pode derivar en que a nosa máxima riqueza caia no absoluto abandono e desaparición se non hai un claro respaldo autonómico.

Polo exposto, as deputadas e deputado asinantes formulan a seguinte pregunta:



Que valoración fai o Goberno galego das declaracións cruzadas entre a concelleira responsable de termalismo da cidade de Ourense e o alcalde, sobre a situación termal e apertura das termas públicas?

Pazo do Parlamento, 03 de decembro de 2021

Asdo.: Carmen Rodríguez Dacosta
Marina Ortega Otero
Leticia Gallego Sanromán
Juan Carlos Francisco Rivera
Deputadas e deputado do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

María del Carmen Rodríguez Dacosta na data 09/12/2021 10:57:41

Marina Ortega Otero na data 09/12/2021 10:57:53

María Leticia Gallego Sanromán na data 09/12/2021 10:58:16

Juan Carlos Francisco Rivera na data 09/12/2021 10:58:31





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Manuel Lourenzo Sobral, Montserrat Prado Cores e Iria Carreira Pazos, deputado e deputadas do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG),** ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral en Pleno,** sobre a situación da sanidade pública na comarca do Baixo Miño.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A sanidade pública do Baixo Miño leva meses sufrindo un deterioro constante. Un deterioro que se traduce en recortes en centros de saúde como os de Oia, A Guarda, O Rosal, Tomiño ou Tui.

A comarca do Baixo do Miño atópase a case unha hora de distancia do seu hospital de referencia, en Vigo. Esta ubicación periférica motiva que o acceso ao servizo de urxencias hospitalarias, por exemplo, implica desprazamentos longos, coas consecuencias que iso ten tanto para o servizo como para a saúde e seguridade dos veciños .

Pero a pesar destas realidade, o Partido Popular non cesa na súa política de desmantelamento da sanidade pública nos concellos do Baixo Miño. Unha actitude da Consellaría de Sanidade que xa motivou en diferentes ocasións importantes mobilizacións da veciñanza, en concellos como Oia, Tomiño, A Guarda, ou hai escasas datas no Concello do Rosal





OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Mais para alén das mobilizacións da veciñanza, os médicos dos centros de saúde da Guarda, Oia e o Rosal, xunto con o PAC da Guarda veñen de anunciar que nos días 21, 22 e 23 de Decembro irán á folga para demandar melloras na atención sanitaria do Baixo Miño.

Por estes motivos formúlase a seguinte pregunta para resposta oral en Pleno:

Que medidas vai adoptar o goberno galego ante a folga anunciada polos facultativos do Baixo Miño?

Santiago de Compostela, 9 de decembro de 2021

Asdo.: **Manuel Lourenzo Sobral**

Montserrat Prado Cores

Iria Carreira Pazos

Deputado e deputadas do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Manuel Antonio Lourenzo Sobral na data 09/12/2021 17:01:43

María Montserrat Prado Cores na data 09/12/2021 17:01:46





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Iria Carreira Pazos na data 09/12/2021 17:01:55





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Montserrat Prado Cores, Alexandra Fernández Gómez e Carme González Iglesias, deputadas do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral en Pleno**, relativa á necesidade de incluír ao persoal traballador de ambulancias da área sanitaria de Vigo na mesma quenda de vacinación da dose de recordo da COVID (3ª dose) que o persoal sanitario do Sergas.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A CIG ven de denunciar que @s profesionais sanitarios que prestan servizo para o SERGAS na área sanitaria de Vigo a través de empresas concesionarias de ambulancias nos servizos programado e 061 así como o persoal das empresas privadas que non traballan directamente para a administración non están sendo citados para recibir a terceira dose de recordo de vacinación COVID (3ª dose) a pesares de estárselle administrando aos profesionais sanitarios e non sanitarios dependentes do SERGAS, así como persoal de centros socio-sanitarios e farmacias privadas, entre outros.

Non ten explicación esta situación xa que o persoal traballador de ambulancias das restantes seis áreas sanitarias de Galiza (nomeadamente Ourense, A Coruña, Pontevedra, Lugo, Santiago e Ferrol) están sendo na actualidade, co agravante de que a área sanitaria de Vigo está a concentrar o maior número de casos activos de Galiza e polo tanto maior presión asistencia.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Resulta sorprendente que non se inclúan aos persoal traballador de ambulancias, xa que a súa labor é totalmente sanitaria, cun contacto estreito con miles de doentes, tanto na atención ás urxencias como na actividade programada.

Non ten ningunha explicación esta exclusión, e consideramos unha irresponsabilidade polo risco de ser contaxiad@s mais fundamentalmente contaxiar @s doentes, que por parte da Consellaría de Sanidade, que non se vacinen ao tempo que o persoal de hospitais, atención primaria, sanidade privada e centros socio-sanitarios.

Consideramos preciso que a Consellaría de Sanidade rectifique esta decisión, e por esta razón fórmulase a seguinte pregunta para resposta oral en Pleno:

Cal é a razón de ter excluído persoal traballador de ambulancias da área sanitaria de Vigo na mesma quenda de vacinación da dose de recordo da COVID (3ª dose) d@s profesionais sanitarios e non sanitarios dependentes do SERGAS, así como persoal de centros socio-sanitarios e farmacias privadas, entre outros?

Santiago de Compostela, 9 de decembro de 2021

Asdo.: **Montserrat Prado Cores**

Alexandra Fernández Gómez

Carme González Iglesias

Deputadas do G.P. do BNG





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Asinado dixitalmente por:

María Montserrat Prado Cores na data 09/12/2021 17:27:29

Alexandra Fernández Gómez na data 09/12/2021 17:27:32

María do Carme González Iglesias na data 09/12/2021 17:27:38



Á Mesa do Parlamento

Luís Manuel Álvarez Martínez, Patricia Otero Rodríguez e Julio Torrado Quintela, deputados e deputada pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte pregunta para a súa resposta oral en Pleno.

A pandemia provocada pola Covid xerou algunhas situacións de alteración na asistencia en atención primaria na rede de centros de saúde de Galicia. A capacidade da primaria viuse sacudida pola necesidade de exercer como primeira barreira fronte á Covid, tarefa na que os profesionais demostraron unha vez máis a súa eficiencia e capacidade resolutiva a pesar de ter pouca coordinación dende a dirección do Sergas.

Unha vez superada a emerxencia sanitaria, e a pesares da lóxica vixilancia ante os problemas que aínda perduran vinculados á Covid, a asistencia sanitaria non pode ser o último sistema que recupere unha racional normalidade de funcionamento. Os servizos que dende a dirección da Xunta de Galicia foron suprimidos ou minguados apoiándose na xustificación da pandemia deben volver a recuperar o seu funcionamento habitual.

Non está sendo así en Ferreira de Pantón, onde os veciños e veciñas da vila viron nos últimos tempos como se reduciron á metade os facultativos dispoñibles no seu centro de saúde (de 4 a 2). Unha xubilación non cuberta e un traslado non substituído son a folla de servizo do Sergas no caso deste concello que ve como a xestión do sistema está deixando cunha mingua capacidade asistencial a esta poboación.

A presumida aposta polo rural evidénciase unha mera campaña publicitaria con pés de barro nunha situación coma esta, onde os servizos fundamentais que poden contribuír a asentar poboación e fixar residencia de habitantes, non son tidos en conta nin mantidos coa garantía de eficiencia que deberían. A Xunta de Galicia anuncia que retomará a asistencia con 3 prazas de facultativo, pero non marca unha data que evidencie un compromiso, e a realidade é que a asistencia non está plenamente garantida nas condicións que están asignadas neste centro de saúde.

Por iso, os deputados e a deputada que asinan, preguntan:

Cando pensa o Goberno da Xunta de Galicia repoñer o cadro de profesionais de atención primaria que ten asignados ao centro de saúde de Ferreira de Pantón e que agora está incompleto?

Pazo do Parlamento, 9 de decembro de 2021

Asinado dixitalmente por:





Luis Manuel Álvarez Martínez na data 09/12/2021 12:07:16

Patricia Otero Rodríguez na data 09/12/2021 12:07:34

Julio Torrado Quintela na data 09/12/2021 12:07:47



Á Mesa do Parlamento

Diego Calvo Pouso, Carmen Pomar Tojo, Ramón Carballo Páez, José Manuel Balseiro Orol, Marisol Díaz Mouteira, Begoña Freire Vázquez e Rubén Lorenzo Gómez deputadas e deputados pertencentes ao Grupo Parlamentario Popular, ao abeiro do disposto no artigo 155.5 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **Pregunta oral en pleno polo trámite de urxencia**.

Xustificación da Urxencia:

A urxencia ven motivada pola necesidade de coñecer en sede parlamentaria a posición do goberno galego sobre este tema.

A pesar de que o saneamento e a depuración de augas residuais son competencias municipais, é a Xunta de Galicia a Administración que asume a principal responsabilidade no saneamento das rías galegas, desenvolvendo un conxunto de actuacións para os que dispón de cofinanciamento europeo do programa FEDER correspondente ao período operativo 2014-2020.

Tendo en conta que a disposición destes fondos europeos está suxeita ao cumprimento duns prazos concretos de execución das obras, os deputados e deputadas asinantes formulan a seguinte pregunta oral en pleno:

Que medidas tomou o Goberno galego encamiñadas a garantir a execución dos fondos FEDER que ten asignados para a actuacións de obras relacionadas coa xestión da auga correspondentes ao período operativo 2014-2020?

Santiago de Compostela, 14 de decembro 2021.

Asinado dixitalmente por:

Diego Calvo Pouso na data 14/12/2021 12:59:04

Carmen María Pomar Tojo na data 14/12/2021 12:59:24

Ramón Carballo Páez na data 14/12/2021 12:59:34

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal



María Sol Díaz Mouteira na data 14/12/2021 12:59:48

Freire Vázquez, María Begoña na data 14/12/2021 13:00:43

Rubén Lorenzo Gómez na data 14/12/2021 13:01:04

José Manuel Balseiro Orol na data 14/12/2021 13:01:39

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal

 [@gppgalicia](https://www.facebook.com/gppgalicia)

 [@GrupoPopularGal](https://twitter.com/GrupoPopularGal)





BLOQUE NACIONALISTA GALEGO
OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Manuel Lourenzo Sobral, Montserrat Prado Cores e Iria Carreira Pazos, deputado e deputadas do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no artigo 155.5 do Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral en Pleno**, polo trámite de **urxencia**, sobre a situación da sanidade pública na comarca do Baixo Miño.

Xustificación da urxencia

A urxencia motívase na alarma social e no malestar xerados no Baixo Miño polo constante deterioro da sanidade pública.

Exposición de motivos

A sanidade pública do Baixo Miño leva meses sufrindo un deterioro constante. Un deterioro que se traduce en recortes en centros de saúde como os de Oia, A Guarda, O Rosal, Tomiño ou Tui.

A comarca do Baixo do Miño atópase a case unha hora de distancia do seu hospital de referencia, en Vigo. Esta ubicación periférica motiva que o acceso ao servizo de urxencias hospitalarias, por exemplo, implica desprazamentos longos, coas consecuencias que iso ten tanto para o servizo como para a saúde e seguridade dos veciños .

Pero a pesar destas realidade, o Partido Popular non cesa na súa política de desmantelamento da sanidade pública nos concellos do Baixo Miño. Unha actitude da Consellaría de Sanidade que xa motivou en diferentes ocasións importantes mobilizacións da veciñanza, en concellos como Oia, Tomiño, A Guarda, ou hai escasas datas no Concello do Rosal





BLOQUE
NACIONALISTA
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Mais para alén das mobilizacións da veciñanza, os médicos dos centros de saúde da Guarda, Oia e o Rosal, xunto con o PAC da Guarda veñen de anunciar que nos días 21, 22 e 23 de decembro irán á folga para demandar melloras na atención sanitaria do Baixo Miño.

En consecuencia, o Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego, a través do deputado e das deputadas asinantes, formula a seguinte pregunta para a súa resposta oral ante o Pleno, polo trámite de urxencia:

Que medidas vai adoptar o goberno galego ante a folga anunciada polos facultativos do Baixo Miño?

Santiago de Compostela, 15 de decembro de 2021

Asdo.: **Manuel Lourenzo Sobral**

Montserrat Prado Cores

Iria Carreira Pazos

Deputado e deputadas do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Manuel Antonio Lourenzo Sobral na data 15/12/2021 12:23:51

María Montserrat Prado Cores na data 15/12/2021 12:24:02





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Iria Carreira Pazos na data 15/12/2021 12:24:11



Á Mesa do Parlamento

Paula Prado del Río, Jose Manuel Rey Varela, Maria Sol Díaz Mouteira, María Felisa Rodríguez Carrera, Ana Belén García Vidal, Alberto Pazos Couñago e Noelia Pérez López deputadas e deputados do **Grupo Parlamentario Popular de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 155.5 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa, a seguinte **pregunta para a súa resposta oral en Pleno polo trámite de urxencia**

Xustificación da urxencia

A urxencia ven motivada pola necesidade de saber canto antes a posición do Goberno galego en relación cun unha cuestión tan relevante.

O proxecto de lei de Orzamentos Xerais do Estado 2022 aprobado polo Goberno que actualmente se tramita no Senado contempla na Disposición Final Primeira a modificación do apartado sétimo da Disposición Adicional Segunda da Lei 7/1985 de 2 de abril, de Bases de Réxime Local.

O contido da mencionada disposición posibilita a asunción de todas as facultades que recaen no Estado previstas no artigo 92.bis LBRL respecto do mencionado persoal por parte da Comunidade Autónoma do País Vasco -nos termos que estableza a normativa autonómica- co único obxectivo de incrementar as facultades do País Vasco respecto á súa administración local, permitíndolle intervir en ámbitos que están vedados para o resto de comunidades autónomas.

Esta modificación afectará negativamente ao conxunto de entidades locais ao limitar o corpo de funcionarios dispoñible para o desempeño de áreas tan sensibles en calquera organización como a Secretaría, a Intervención ou a Tesourería; desempeño que até o de agora se desenvolve en condicións de máxima capacitación técnica, derivada dun alto grao de esixencia no ingreso, e da compoñente enriquecedora que aporta o actual réxime de mobilidade, propiciado polo ámbito nacional da escala, agora en risco de desaparición.

É por isto polo que, os deputados e deputadas asinantes formulan a seguinte pregunta oral en pleno:

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal



Cal é a opinión do goberno galego respecto da modificación proposta do apartado sétimo da Disposición Adicional Segunda da Lei 7/1985 de 2 de abril, de Bases de Réxime Local promovida polo Goberno central a través proxecto de lei de Orzamentos Xerais do Estado 2022?

Santiago de Compostela, 15 de decembro 2021.

Asinado dixitalmente por:

Paula Prado del Río na data 15/12/2021 17:14:25

José Manuel Rey Varela na data 15/12/2021 17:14:45

María Sol Díaz Mouteira na data 15/12/2021 17:15:01

María Felisa Rodríguez Carrera na data 15/12/2021 17:15:23

José Alberto Pazos Couñago na data 15/12/2021 17:15:33

Ana Belén García Vidal na data 15/12/2021 17:15:45

Noelia Pérez López na data 15/12/2021 17:15:58

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal

 [@gppgalicia](https://www.facebook.com/gppgalicia)

 [@GrupoPopularGal](https://twitter.com/GrupoPopularGal)



Á Mesa do Parlamento

Paloma Castro Rey e Pablo Arangüena Fernández, deputada e deputado pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 155.5 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral urxente** en **Pleno**.

Xustificación da urxencia

O motivo da urxencia vén dada pola alerta realizada polo Fiscal Superior de Galicia no seu informe sobre o aumento do 400 % da criminalidade informática en Galicia.

O Fiscal Superior de Galicia, deu conta na súa recente intervención no Parlamento de Galicia, do aumento da criminalidade informática en Galicia ata acadar datos moi preocupantes cun aumento do 135 % dos procedementos xudiciais abertos no ano 2020, coa apertura de 1.085 procedementos por delitos informáticos, dos que 953 (99,1 %) corresponden a estafas electrónicas.

A Fiscalía destaca neste informe o impacto das novas tecnoloxías no eido delictivo. Por unha banda, como un medio para executar os delitos clásicos de estafa, ameazas ou inxurias, e por outra, por propiciar novas figuras delictivas, como o ataque a sistemas informáticos ou a interceptación de datos en transmisión.

A pandemia do coronavirus e as restricións da mobilidade contribuíron ao aumento de esta nova tendencia delictiva pero non podemos esquecer que a dixitalización veu para quedarse e que irremediabilmente a delincuencia tradicional está a mudar pola informática.

Ante isto, a cidadanía carece de ferramentas para poder protexerse, quedando nunha clara desvantaxe fronte a estas mafias que operan a nivel internacional e cunhas condutas enganosas cada vez máis depuradas e precisas.



Dende o Grupo Socialista entendemos que o goberno da Xunta de Galicia ten a obriga de protexer a todos os galegos e galegas e por iso cremos que ten que levar a cabo medidas de información que alerten á poboación ante esta realidade crecente.

Por todo o exposto, a deputada e o deputado que asinan formulan a seguinte pregunta para o seu debate en Pleno:

Que medidas ten previsto levar a cabo o Goberno galego para protexer á cidadanía fronte ao aumento da cibercriminalidade?

Pazo do Parlamento, 15 de decembro do 2021

Asdo.: Paloma Castro Rey
Pablo Arangüena Fernández
Deputada e deputado do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Paloma Castro Rey na data 15/12/2021 17:22:59

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es





PARLAMENTO DE GALICIA
REGISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 15/12/2021 17:23:36
Nº Registro: 26229
Data envío: 15/12/2021 17:23:36.684

Pablo Arangüena Fernández na data 15/12/2021 17:23:09

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tif: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es

CSV: BOPGDSPG-3DKLbSyJq-4
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Á Mesa do Parlamento

Gonzalo Caballero Míguez, portavoz do Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152.2 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa mesa a seguinte pregunta para a súa resposta oral en Pleno dirixida ao Sr. Presidente da Xunta de Galicia.

Sr. presidente, cales son as súas políticas estratéxicas para Galicia?

Pazo do Parlamento, 15 de decembro de 2021

Asinado dixitalmente por:

Gonzalo Caballero Míguez na data 15/12/2021 18:07:42





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Ana Pontón Mondelo, portavoz do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no artigo 152.2 do Regulamento da Cámara e das normas supletorias do 17 de marzo de 2015, formula a seguinte **PREGUNTA** dirixida ao **Presidente do Goberno**, para a súa resposta **oral en Pleno**.

PREGUNTA AO PRESIDENTE:

Que medidas ten o seu goberno para darlle futuro no país á mocidade galega?

Santiago de Compostela, 15 de decembro de 2021

Asdo.: **Ana Pontón Mondelo**

Portavoz do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Ana Pontón Mondelo na data 15/12/2021 17:54:54



ESTRUTURA DO BOLETÍN OFICIAL DO PARLAMENTO DE GALICIA

1. PROCEDEMENTOS PARLAMENTARIOS

1.1. PROCEDEMENTOS DE NATUREZA NORMATIVA

1.1.1. NORMAS APROBADAS

1.1.2. PROPOSTAS DE NORMAS

1.2. PROCEDEMENTOS ESPECIAIS DE CARÁCTER INSTITUCIONAL

1.2.1. INVESTIDURA

1.2.2. MOCIÓN DE CENSURA

1.2.3. CUESTIÓN DE CONFIANZA

1.3. PROCEDEMENTOS DE CONTROL E IMPULSO

1.3.1. CONTROL SOBRE AS DISPOSICIÓNS DA XUNTA CON FORZA DE LEI

1.3.2. COMUNICACIÓNS DA XUNTA DE GALICIA

1.3.3. EXAME DE PROGRAMAS E PLANS

1.3.4. ACORDOS, RESOLUCIÓNS OU PROPOSTAS DE COMISIÓNS ESPECIAIS OU DE INVESTIGACIÓN

1.3.5. MOCIÓNS

1.3.6. PROPOSICIÓNS NON DE LEI

1.3.7. OUTRAS PROPOSTAS DE RESOLUCIÓN E ACORDOS

1.3.8. PROCEDEMENTOS DE CONTROL ECONÓMICO E ORZAMENTARIO

1.4. PROCEDEMENTOS DE INFORMACIÓN

1.4.1. INFORMACIÓNS REMITIDAS POLA XUNTA DE GALICIA

1.4.2. SOLICITUDES DE COMPARECENCIA

1.4.3. INTERPELACIÓNS

1.4.4. PREGUNTAS

1.4.5. RESPOSTAS A PREGUNTAS

1.4.6. SOLICITUDES DE DATOS, INFORMES E DOCUMENTOS DE DEPUTADOS E DE COMISIÓNS

1.4.7. RECONVERSIÓNS POR FINALIZACIÓN DO PERÍODO DE SESIÓNS

1.5. PROCEDEMENTOS RELATIVOS A OUTRAS INSTITUCIÓNS E ÓRGANOS

1.6. PROCEDEMENTOS DE ELECCIÓN, DESIGNACIÓN E PROPOSTA DE NOMEAMENTO

1.7. PROCEDEMENTOS RELATIVOS AO DEREITO DE PETICIÓN

2. ELECCIÓN E COMPOSICIÓN DO PARLAMENTO, RÉXIME E GOBERNO INTERIOR, ORGANIZACIÓN E FUNCIONAMENTO

2.1. ELECCIÓN DO PARLAMENTO

2.2. COMPOSICIÓN DO PARLAMENTO E DOS SEUS ÓRGANOS

2.3. RÉXIME E GOBERNO INTERIOR

2.4. ORGANIZACIÓN E FUNCIONAMENTO DO PARLAMENTO

3. ADMINISTRACIÓN DO PARLAMENTO DE GALICIA

4. INFORMACIÓNS E CORRECCIÓNS DE ERROS

4.1. INFORMACIÓNS

4.2. CORRECCIÓNS DE ERROS



ESTRUTURA DO BOLETÍN OFICIAL DO PARLAMENTO DE GALICIA

1. PROCEDEMENTOS PARLAMENTARIOS

1.1. PROCEDEMENTOS DE NATUREZA NORMATIVA

1.1.1. NORMAS APROBADAS

1.1.2. PROPOSTAS DE NORMAS

1.2. PROCEDEMENTOS ESPECIAIS DE CARÁCTER INSTITUCIONAL

1.2.1. INVESTIDURA

1.2.2. MOCIÓN DE CENSURA

1.2.3. CUESTIÓN DE CONFIANZA

1.3. PROCEDEMENTOS DE CONTROL E IMPULSO

1.3.1. CONTROL SOBRE AS DISPOSICIÓNS DA XUNTA CON FORZA DE LEI

1.3.2. COMUNICACIÓNS DA XUNTA DE GALICIA

1.3.3. EXAME DE PROGRAMAS E PLANS

1.3.4. ACORDOS, RESOLUCIÓNS OU PROPOSTAS DE COMISIÓNS ESPECIAIS OU DE INVESTIGACIÓN

1.3.5. MOCIÓNS

1.3.6. PROPOSICIÓNS NON DE LEI

1.3.7. OUTRAS PROPOSTAS DE RESOLUCIÓN E ACORDOS

1.3.8. PROCEDEMENTOS DE CONTROL ECONÓMICO E ORZAMENTARIO

1.4. PROCEDEMENTOS DE INFORMACIÓN

1.4.1. INFORMACIÓNS REMITIDAS POLA XUNTA DE GALICIA

1.4.2. SOLICITUDES DE COMPARECENCIA

1.4.3. INTERPELACIÓNS

1.4.4. PREGUNTAS

1.4.5. RESPOSTAS A PREGUNTAS

1.4.6. SOLICITUDES DE DATOS, INFORMES E DOCUMENTOS DE DEPUTADOS E DE COMISIÓNS

1.4.7. RECONVERSIÓNS POR FINALIZACIÓN DO PERÍODO DE SESIÓNS

1.5. PROCEDEMENTOS RELATIVOS A OUTRAS INSTITUCIÓNS E ÓRGANOS

1.6. PROCEDEMENTOS DE ELECCIÓN, DESIGNACIÓN E PROPOSTA DE NOMEAMENTO

1.7. PROCEDEMENTOS RELATIVOS AO DEREITO DE PETICIÓN

2. ELECCIÓN E COMPOSICIÓN DO PARLAMENTO, RÉXIME E GOBERNO INTERIOR, ORGANIZACIÓN E FUNCIONAMENTO

2.1. ELECCIÓN DO PARLAMENTO

2.2. COMPOSICIÓN DO PARLAMENTO E DOS SEUS ÓRGANOS

2.3. RÉXIME E GOBERNO INTERIOR

2.4. ORGANIZACIÓN E FUNCIONAMENTO DO PARLAMENTO


3. ADMINISTRACIÓN DO PARLAMENTO DE GALICIA

4. INFORMACIÓNS E CORRECCIÓNS DE ERROS

4.1. INFORMACIÓNS

4.2. CORRECCIÓNS DE ERROS





PARLAMENTO
DE GALICIA

BOLETÍN OFICIAL DO
PARLAMENTO DE GALICIA

Edición e subscricións:

Servizo de Publicacións do Parlamento de Galicia. Hórreo, 63. 15702. Santiago de Compostela.

Telf. 981 55 13 00. Fax. 981 55 14 25

Dep. Leg. C-155-1982. ISSN 1133-2727

